



FERROL



DEPORTE
GALEGO

XUNTA
DE GALICIA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

XX CIRCUITO ESCOLAR FERROLÁN DE CARREIRAS POPULARES E DE CAMPO A TRAVÉS.

Art. 1.- Durante a tempada 2024 – 2025 o Concello de Ferrol en colaboración coa Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Ferrol e o Programa de Xogos Galegos deportivos en idade escolar (XOGADE) pertencente a Administración autonómica, organizan o XX Circuito Ferrolán de Carreiras populares e Campo a Través, co obxectivo da promoción do deporte do Atletismo entre os nenos/as en idade escolar da cidade.

Art. 2 .- A proba estará baixo a normativa e o control da Federación Galega de Atletismo.

Art. 3.- Xornadas do circuito.

Xornada	Data prevista¹	Lugar²
1ª Xornada	27 outubro 2024	Canido
2ª Xornada	16 novembro 2024	As Cabazas
3ª Xornada	7 decembro 2024	A Malata
4ª Xornada	12 xaneiro 2025	San Xiao . Esteiro

As distancias a percorrer, en cada caso, serán controladas e cronometradas polos/as xuíces/as que designe a FGA, empregando, se fora o caso un sistema de cronometraxe electrónica en algunha delas.

Publicarase en cada carreira o circuíto a percorrer para cada unha das categorías.

Art. 4.- PARTICIPACIÓN.- Poderán participar todos os clubs e colexios do Concello de Ferrol e comarca cun número ilimitado de atletas que teñan a licenza deportiva escolar (XOGADE). Engádese a categoría peques.

Os nenos/as competirán na categoría que lle corresponda relativa as **categorías do programa XOGADE**. Quen se inscriba en calquera das carreiras do circuíto acollerase a esta mesma regra, a fin de que todos/as participen en igualdade de condicións.

¹ Os lugares das probas estarán suxeitos a modificación en función das condicións nas que se atopen os mesmos

² As datas das probas estarán suxeitas a modificación en función das condicións climatolóxicas ou circunstancias sobrevidas.



FERROL



XOGOS GALEGOS



DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

Sub 16	Nacidos/as no 2011 - 2010
Sub 14	Nacidos/as no 2013 - 2012
Sub 12	Nacidos/as no 2015- 2014
Sub 10	Nacidos/as no 2017- 2016
Sub 8	Nacidos/as 2018 – 2019
peques*	2020 y posteriores

Art. 5.- INSCRICIÓN.- Para participar nas xornadas do XX Circuito Ferrolán de Campo a Través **será requisito indispensable inscribir os/as nenos/as no programa XOGADE** (www.deporteescolargalego.com). Deberá remitirse resgardo da súa inscrición á Delegación de Atletismo. Non se permitirá a participación de ningún neno/a nas probas que non este inscrito no citado programa na súa actividade de Campo a Través.

Todas as persoas participantes inscritas na Actividade Deportiva Escolar serán dadas de alta nun seguro de accidentes deportivos. Este cubrirá a asistencia nos centros concertados (consultar na póliza excepcións para acudir a centros non concertados) ante aqueles accidentes e/ou lesións debidos á práctica de actividade deportiva producidos durante os adestramentos e competicións do programa Xogade, dende o inicio do programa ata o 31 de maio.

Os deportistas asegurados deberán ter entre 6 e 16 anos cumpridos (o día que cumplan os 17 anos perden esta cobertura). Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na páxina <http://xogade.xunta.gal> e <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>: póliza, protocolo de actuación, etc

*Para os deportistas da categoría PEQUES (sub 8), dado que as idades no están recollidas no programa Xogade, a Concellería de deportes proporcionará o seguro de accidentes que asemelle a licenza deportiva.

Cada participante **só poderá inscribirse nunha única modalidade:**

Inscricion Clubs: Para participar en cada xornada, será imprescindible inscribir os/as participantes (**Anexo I**) a través do correo electrónico fgaferrol@gmail.com. A data límite para a inscrición será o **martes anterior á xornada**.

Inscricións Centros Educativos: Para participar en cada xornada, deberase remitir un listado de participantes (Anexo II) que deberá estar asinado polo seu Director/a a través do correo electrónico fgaferrol@gmail.com. A data límite para a inscrición será o **martes anterior á xornada**.





FERROL



DEPORTE GALEGO

XUNTA DE GALICIA

DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

Art. 6.- Premiación en cada xornada.- En cada unha das catro Xornadas do Circuito Ferrolán de Campo a Través, se entregarán trofeos ou medallas aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría para as categorías en idade escolar, agás a categoría peques, que recibiran un agasallo todos/as os participantes.

Art. 7.- CLASIFICACIÓN DO CIRCUÍTO.- Os premios do XX Circuito Ferrolán de Campo a Través se repartirán ao final das catro Xornadas por categorías e sexos.

Art. 7.1.- Clasificación individual: establecerase sumando as puntuacións alcanzadas en tres das catro xornadas programadas. Se o/a atleta participa en todas as xornadas, ó final da clasificación descontarase a puntuación alcanzada na peor Xornada. En cada proba puntuarán os 20 primeiros clasificados/as de cada categoría, conforme ao seguinte cadro.

Proclamarase vencedor/a do XX Circuito de carreiras populares e campo a través o/a atleta que acade maior número de puntos despois de disputarse as catro Xornadas.

1º:	20 puntos	6º:	15 puntos	11º:	10 puntos	16º:	5 puntos
2º:	19 puntos	7º:	14 puntos	12º:	9 puntos	17º:	4 puntos
3º:	18 puntos	8º:	13 puntos	13º:	8 puntos	18º:	3 puntos
4º:	17 puntos	9º:	12 puntos	14º:	7 puntos	19º:	2 puntos
5º:	16 puntos	10º:	11 puntos	15º:	6 puntos	20º:	1 punto

No caso de ter que suspender algunha Xornada e non poder recuperala noutra data (a determinar pola Concellería de Deportes do Concello Ferrol), tomarase como peor marca a da xornada suspensa e proclamarase vencedor/a o/a atleta que acade maior número de puntos despois de disputarse as tres Xornadas restantes.

Art. 7.2.- Clasificación por colexios.- En cada unha das probas haberá outra **clasificación por colexios**. Trátase dunha clasificación basicamente participativa, que se obterá sumando todos os nenos/as que entren en meta en cada unha das categorías. A clasificación por colexios queda limitada os Colexios do Concello de Ferrol. Para a clasificación por Centros, os premios consistirán en vales para material deportivo de acordo coa seguinte clasificación:



FERROL



DEPORTE GALEGO

XUNTA DE GALICIA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

PREMIOS POR CENTROS (Material deportivo)	
Clasificación	EUROS
1º	600 €
2º	450 €
3º	150 €

Art. 7.3.- A participación do XX circuito ferrolán non supón ningún tipo de clasificación nin puntuación para as probas do programa XOGADE.

Art. 8. - Os horarios, categorías e distancias serán os seguintes:

Horario	Categorías	DISTANCIA EN METROS			
		1ª xornada	2ª xornada	3ª xornada	4ª xornada
		Canido	Joaquin Romero	A Malata	San Xiao
A determinar na circular de cada unha das xornadas	Sub 16	3,000 mts	3.000 mts	4000 mts	2.000 mts
	Sub 14	2,000 mts	2.000 mts	3000 mts	1.000 mts
	Sub 12	1,500 mts	1.000 mts	2000 mts	
	Sub 10	500 mts	500 mts	900 mts	800 mts
	Sub 8	200 mts	250 mts	300 mts	200 mts
	Peques	50 mts	50 mts	50 mts	50 mts

Art.8.- Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou a internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido a Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

Art. 10 - A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.



